



POR QUE NOS QUEIXAMOS?



- 1** Porque as crianzas máis maiores levan sen realizar as revisións pediátricas pertinentes desde o pasado mes de novembro. As citas de revisións pediátricas están en suspenso desde entón. Soamente fan as revisións dos bebés.
- 2** Porque nos sentimos enganados pola Consellería e a Xerencia de Área de Ourense Verín ao poñeren a unha médica de familia no posto da pediatra que se marchou en misión de voluntariado mantendo o nome desta ao outorgar as citas. É dicir, a atención non a fai un facultativo especialista, senón un médico de familia, omitindo o feito de que é outra persoa quen atenderá as nosas crianzas e sen notificación previa por parte do Sergas. Preguntámonos se iso o farían no caso de seres un adulto.
- 3** Porque tanto a Consellería como a Xerencia de Área Ourense Verín descriminan a aquelas crianzas que son atendidas por un facultativo que non é pediatra, mentres outros si son atendidos pola única pediatra que hai no centro de saúde.
- 4** Porque durante as semanas do Nadal a única pediatra dispoñible no centro de saúde colleu vacacións, como debe ser, e tivemos que ir directamente a urgencias do Hospital de Verín, estando estas colapsadas, as cales son atendidas por médicos de familia, e soamente avisan á pediatra nos casos máis graves. No caso de necesitar unha atención pediátrica máis detallada vímonos forzados a ir polo privado, con todo o gasto que iso supón e que debemos asumir nós.
- 5** Porque o gasto nun pediatra privado pode oscilar entre 50€ e 110€, e nalgúns casos que temos máis dun/ha fillo/a tivemos que levar aos dous á vez por estaren enfermos ambos os dous. Polo tanto, ese gasto multiplícao por dous.
- 6** Porque nos sentimos vulnerados, abandonados, esquecidos e mofados pola Consellería e a Xerencia da Área Sanitaria de Ourense Verín.
- 7** Porque pagamos os impostos como calquera outro cidadán, pero os nosos fillos e fillas non reciben unha atención sanitaria digna.
- 8** Porque nos tocan o que máis nos doe, as nosas fillas e fillos, e non imos permitir este maltrato institucional.

Únete á nosa loita!

Síguenos en  


**PEDIATRAS
EN VERÍN XA!**